

Aos nove.

A todas as vítimas da infamia en calquera lugar e tempo.

ÍNDICE

Arte e memoria. Arte é memoria	3
Entre Baiona e Baredo. 15 de outubro, 1936	4
Na lembranza dos Nove	8
Baredo: as cruces da memoria	10
As luces do mar de Baiona	12
Escultura VOLTA DOS NOVE	14
O Barco da Memoria en Baiona	16
Nove pintores para a VOLTA DOS NOVE	19
Nove visións do monumento na VOLTA DOS NOVE	39
Nove voces para a VOLTA DOS NOVE	59
Música	79
Créditos	87

Arte e memoria. Arte é memoria

A memoria –como a arte contemporánea- é eminentemente subxectiva, queda ancorada nos feitos que presenciaron as testemuñas e nas impresións que nelas causaron. A memoria é singular e non ten necesidade de probas para quen a ten. A memoria conxúgase en presente, escribiu Enzo Traverso. Despois a historia comparará, contextualizará, xeneralizará, mais non debemos esquecer que tamén a historia se escribe no presente ou en palabras de Antonio Gramsci a “historia é sempre contemporánea”.

Na segunda metade do século pasado, o da Europa trágica, a memoria invadiu os espazos públicos e acadou unha relevancia que os científicos sociais tardaron en apreciar. O gran trauma da Gran Guerra e sobre todo o período dos fascismo e a Segunda Guerra iniciou o que se deu en denominar “era da testemuña”, unha testemuña identificada, nomeadamente, coa “víctima”.

A permanencia da dictadura franquista e unha transición que promoveu interesadamente o “esquecemento” facilitaron a desaparición biolóxica das testemuñas-víctimas e impediu que o que acontecera en Europa occidental sucedese tamén entre nós. En moitos casos tivemos que conformarnos con testemuñas indirectas collidas case no límite do tempo individual.

Hoxe podemos afirmar que a visión de que en Galicia non houbera guerra e polo tanto poucos mortos era unha falacia interesada. Sabemos que se produciu unha sanguenta represión na que se procedeu á eliminación sistemática dos dirixentes e membros dos partidos democráticos. O Val Miñor aportou a súa cota en vidas usurpadas polo Atila que asolou Galiza, en lembranza das palabras de Castelao. As cifras están aínda por determinar pero van collendo unhas dimensións insospeitadas. O estudo das causas militares achegará novos datos sobre a represión. Queda pois aínda moita memoria que recuperar e moita historia que elaborar.

Máis a memoria non é asunto exclusivo da historia, nin sequera das ciencias sociais, pois a memoria aleita as artes todas, dende a pintura á música, do cinema á literatura, da fotografía á escultura. Nesta obra colectiva quixemos xuntar Arte e Memoria sabendo que a Arte é Memoria. Ofrecémoslle pois unha colleita da memoria realizada con cariño e xenerosidade polas preto de medio cento de persoas que nela labraron.

CARLOS MÉIXOME QUINTEIRO
Director do Instituto de Estudos Miñoranos

Entre Baiona e Baredo. 15 de outubro, 1936

XOÁN A. GONZÁLEZ PÉREZ

Nos últimos anos diversas achegas historiográficas teñen posto de manifesto a dureza da guerra no noso país. Desmontaron estes traballos a falaz visión de que en Galicia non a houbera por quedar dende moi cedo baixo control dos militares sublevados. Se ben non houbo fronte no senso militar, si se produciu unha sanguenta represión na que se procedeu á eliminación sistemática dos dirixentes e membros dos partidos democráticos.

Un dos episodios máis sanguentos desta guerra de exterminio foi o que aconteceu na noite do 15 de outubro de 1936 na coñecida como Enseada da Bombardeira, no quilómetro 58 da estrada Pontevedra - Camposancos, e dende o trágico suceso coñecida popularmente como A Volta dos Nove.

O desencadeante do múltiple asasinato foi a persecución de dous dirixentes da sociedade labrega de Sabarís: Luís López Luís e José López Luís. Irmáns, fillos de Inés Luís Mosquera e de Luís López Martínez. Pola nai eran coñecidos como *Os de Inés* ou *Os Ineses*. Tiñan unha pequena explotación agraria preto da presa de Baiña, mesmo fronte aos espléndidos petróglifos de Outeiro dos Lameiros. Os dous irmáns, Luís de 46 anos e José de 41, estiveran en América e regresaran con ideas progresistas e ecoloxistas. Eran vexetarianos e un deles imparcialles clase de esperanto aos labregos. O maior, de ideoloxía socialista, o máis novo, anarquista. Ao

Xoan A. González Pérez



trunfar o golpe militar agocháronse en varios lugares ata que decidiron esconderse na casa dun señor maior e cego, Ventura Pérez, coidado por Dolores Samuelle Álvarez, coñecida como Perfecta. As pescudas dos falanxistas, inspiradas polo tristemente célebre Cabo Pena, comandante do posto da Garda Civil de Baiona, tiveron éxito e as sospeitas de que alí estaban os Ineses fóronse confirmando porque Perfecta levaba moito pan e o periódico que non podía ser para o cego nin para ela que non sabía ler.

O cabo Pena e o falanxista Refejo entraron na casa e toparon aos dous irmáns. Un deles disparou e feriu ao Refejo, quen morreu dous días despois. A Pepe matárono nunha viña preto da casa e a Luís contra a tapia do camposanto de Sabarís. Os falanxistas mataron tamén á señora Perfecta, de 71 anos, e para humillala enterrárona entre os dous irmáns nunha foxa á beira do cemiterio.

A morte de Refejo desencadeou as ansias de vinganza de Manuel González Pena e os seus pistoleiros. Desprazáronse a Vigo, primeiro á cadea e logo ao frontón que servía tamén de cadea. Meteron nove homes nunha camioneta e dirixíronse cara a Baiona.


Os nove homes eran:

Manuel Aballe Domínguez, mariñeiro de Panxón, de 41 anos. Fillo de Modesto Aballe Macaya e de Benita Domínguez Salgueiro. Casado con Antonia Rial Veiro,

Francisco Lijó Pérez



Manuel Aballe Domínguez



deixou dous fillos menores: Eugenio e Víctor.

Felicísimo Antonio Pérez Pérez, mariñeiro de Panxón, 44 anos. Fillo de Antonio Pérez Domínguez e de Rosa Pérez. Casado, sen fillos.

Elías Alejandro Gonda Alonso “O Ghonda”, labrador, de 36 anos, veciño de Santa Cristina da Ramallosa. Fillo de Ascensión Gonda Alonso. Casado cunha moza de Sabaris, Angelina Veiga Ríos, deixou catro fillos menores: Isabel, Carmen, Manuel e Pepe

Manuel Francisco Lijó Pérez “O Lijó”, de 34 anos, natural de Corrubedo (Ribeira). Vivía no Burgo (Baíña). Mariñeiro. Fillo de Francisco Lijó Oliveira e de Ramona Pérez Gonda. Casado con Eugenia Mijón Durán, veciña de Baiona. Deixaría orfos a cinco fillos menores de idade: Mercedes, Manuela, Maximino, Oto e mais Eva.

Modesto Fernández Rodríguez “O Rei Chiquito”, 47 anos, mariñeiro, veciño de Panxón, fillo de José Fernández e Dolores Rodríguez. Mariñeiro. Do seu matrimonio con Rosalía Rodríguez Iglesias deixaría seis fillos menores: Gloria, Lidia, Juan, Enriqueta, Jaime e Álvaro.

Fidel Leyenda Rodríguez, de 51 anos, mariñeiro de Baiona. Fillo de Eulogio Leyenda Álvarez e de Vicenta Rodríguez Míguez. Casado con Sofía Vieites Penedo, de Baíña, non deixaba fillos.

José Rodríguez González, “O Pelonio”. Fillo de Rufina Rodríguez González. Veciño da Porta da Vila en Baiona. Tiña 45 anos. Este mariñeiro deixaría viúva a Clementina Freire Mosquera, de 43 anos, e orfos a Rogelio, Manuel, José, Melitón e África.

Manuel Barbosa Durán, “O Ferreiro do Burgo”. De 30 anos, o máis novo dos asasinados. Mecánico, natural de Baíña. Vivía en Panxón despois do seu matrimonio con Julia Sanjuán García. Deixaría catro fillos orfos. Os seus pais, Alfredo Barbosa e Isabel Durán Álvarez.

Generoso Valverde Iglesias, fillo de Fermín e Constantina. Mariñeiro de 37 anos.

Modesto Fernández
“Rei Chiquito”



Manuel Barbosa Durán



Generoso Valverde Iglesias



Natural e veciño de Panxón, casado con Aurelia Rodríguez Cabral, deixou seis fillos, todos eles menores: Generoso, José, Germán, Vicente, Elodia e Constantina.

Baixáronos un a un da camioneta. Era de noite, case as tres da madrugada. Escoltábase o bater do mar e os berros amedrentadores dos falanxistas e do Cabo Pena: “todos abajo”. Un a un fóronos matando. Os mariñeiros que regresaban a porto foron os primeiros en dar a noticia.

Os falanxistas guindaron os cadáveres na camioneta e leváronos ao cemiterio de Baiona. Nunha foxa común, uns enriba dos outros, foron soterrados. A vinganza estaba cumprida. Segundo se pode ler no libro de defuncións do Xulgado de Baiona a causa das nove mortes foi “por hemorragia cerebral o torácica”.

Nada máis se soubo. Mais o triste episodio quedou na memoria das xentes da comarca durante moitos anos. O acontecemento seguiu vivo ata os primeiros anos setenta. Durante todos eses anos aparecerían nove cruces gravadas na terra, na curva onde caeron os corpos sen vida. Un longo trazo horizontal era rapidamente riscado por nove verticais. Os falanxistas a borralas e as cruces a aparecer, nas horas seguintes ou poucos días despois. Que se saiba non houbo detidos, pero o enfado das novas autoridades era moito. Cada día, mes, ano... o risco era máis fondo.

Foxa común en Baiona



Na lembranza dos Nove

Un bosque de 45 loureiros, a árbore dos heroes, o tronco dunha árbore, realizada en bronce, cortado, truncado como a vida dos nove veciños asasinados na volta da estrada de Baiona á Guarda, coñecida dende aquela como a "Volta dos Nove". Xunto cunha lousa de granito cos nomes inscritos dos mortos así como un recordo das nove cruces na area que durante décadas rememoraron en silencio este crime, forman os elementos máis significativos do proxecto deseñado por Fernando Casás.

Era o 15 de outubro de 2005, culminaba así un proxecto que nacera un ano antes coa constitución dunha comisión para promover este monumento-homenaxe. A obra realizouse por subscripción popular aínda que tanto o escultor como as demais persoas que traballan no proxecto fixérono desinteresadamente.

O emotivo acto inaugural contou coa presenza de centos de persoas e no mesmo tomaron a palabra: a concelleira de Baiona, Ana María Rodríguez; o historiador e concelleiro de Nigrán, Xoán Antonio González Pérez e o poeta e representante da

Asociación de Familiares y Amigos de Represaliados de la II República por el franquismo (AfarIIREP), Xosé María Álvarez Cáccamo. O escultor Fernando Casás fixo unha reflexión sobre a súa obra e o arqueólogo Xosé Lois Vilar Pedreira falou en representación do Instituto de Estudos Miñoranos e da comisión promotora. O Director Xeral de Difusión e Creación Cultural da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Luís Bará Torres dirixiuse aos asistentes antes de que o mozo gaitero miñorán Hugo Rodríguez Castro puxese remate ao acto do mesmo xeito que o iniciara.

Reproducimos os textos lidos por Xosé María Álvarez Cáccamo e Xosé Lois Vilar Pedreira naquel acto.

Luis Bará



Ana María Rodríguez
Hugo Rodríguez (Músico)



Inauguración, 15 outubro de 2005



Baredo: as cruces da memoria

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO

A memoria do terror fascista de 1936 foi árbore brava que se cultivou na horta enclaustrada dos vencidos durante sete décadas. Pero non en todas. A peste do esquecemento imposto como un mandato esmagador, o andazo da mentira descomunal que sostivo o réxime de Franco sobre os alicerces lamacentos da inversión da historia, entraron en moitas casas para furar nas raíces mesmas do pensamento e esnaquizar a célula primeira da fidelidade aos mortos queridos. Mesmo así, moitas familias preservaron a lembranza sobre a tona dos labios que, no segredo da hora íntima, pronunciaban os nomes dos asasinados e dos perseguidos con devoción e ira xusta.

A raíz do pensamento non comesto da praga continuou a medrar na veiga clandestina das viúvas, dos compañeiros e compañeiras, dos pais e dos irmáns, dos fillos e fillas orfos, das netas e netos dos proscritos, dos depurados, dos exiliados, dos encarcerados, dos torturados, dos paseados, dos fusilados. Nos arquivos da memoria privada conserváronse durante sete décadas e permanecen hoxe en luz que non murcha as fotos da derradeira imaxe, a da despedida fronte aos camiños pavorosos da alba. Hai tamén un lugar escuro nos sotos da lembranza para o álbum macabro dos delatores, dos torturadores, dos fiscais, dos paseantes, rexistro indelével, caixa negra que non se pode destruír. A historia da traxedia familiar, a crónica verdadeira do drama colectivo, non se explican sen a nómina completa dos asasinados de cada vila, de todas as cidades, de tantas curvas da estrada rota contra a praia do abismo final.

Hoxe, na hora da Memoria Pública, escandalosamente postergada durante case setenta anos por vontade dos poderes políticos herdeiros do terror golpista do 36 e do negacionismo programado coa colaboración imprescindible de sectores da esquerda reconciliadora, que confundiron a paz civil co esquecemento graciábel, hoxe debemos labrar metro a metro os campos do recordo. A sociedade civil organizada na procura dos sinais de identidade histórica que o discurso oficial pretendeu disimular, enturbar e negar, non remexe na terra con ánimo de desquite. Ese é o argumento, defensivo e ofensivo, oblicuo e sospeitoso dos negacionistas, a mensaxe torta da ultradereita, unha reconvenção que ás veces escoitamos tamén en boca de xentes doutra cerna ideolóxica, proclives á doada tentación do mutismo. Asistenos o dereito, dirixenos a obriga de coñecer e difundir a verdade, de reclamar o recoñecemento xurídico e moral das vítimas, de esixir a nulidade dos xuízos sumarísimos, de derrubar o estado de impiedade que aínda nos abafa. Temos o dereito e a obriga política e moral de erixir en memoria pública de luminosa e agradecida homenaxe o que durante sete décadas foi lembranza clandestina, brasa interior que ardeu sen lume na noite secreta de tantas casas vixiadas.

Esa é a intención que nos convoca hoxe, sesenta e nove anos despois, arredor do tronco de árbore brava e abrazados polo bosque de loureiros que naceu da vixiante intelixencia de Fernando Casás, fronte ao mar da alba extrema subitamente apagada nos ollos dos nove homes asasinados aquí o día 15 de outubro de 1936. A xente de seu soubo, con estratexia de valente vontade a escapulirse das sombras de "tricornios" e camisas azuis, manter sempre viva a noticia do crime. As nove cruces da volta de Baredo, borradas unha e outra vez, incesantemente reescritas en acción de perigosa resistencia, representan a espléndida loita dunha parte do pobo contra a desmemoria, contra o silencio imposto, contra a mudez cómplice, contra o medo es-

téril. As nove cruces de Baredo envían desde o pasado unha mensaxe exemplar: a da obriga inadiábel de coñecer e espallar a verdade. Tráxico poema visual, grafismo de teimosa xestualidade, efémero e permanente, o texto das cruces escribe a vontade de transcender o recordo íntimo para medrar en dimensión de destinatario universal. É unha alegación contra a impiedade e o esquecemento, un antecedente formidábel da mobilización da sociedade en defensa da Memoria Pública. As cruces dos nove de Baredo sinalan na dirección dun nome coñecido por todos, o de Manuel González Pena, comandante do posto da garda civil de Baiona, que dirixiu en operación de vinganza -recorrente fórmula de inhumana paixón posta ao servizo do programa militar de exterminio- a brigada asasina do 15 de outubro. As cruces da volta de Baredo, os corenta e cinco loureiros e a árbore da man de Fernando Casás, proclaman para sempre a luz de facho de nove nomes que nos orientan na historia e nos obrigan no presente: Manuel Aballe Domínguez, Felicísimo Antonio Pérez Pérez, Elías Alejandro Gonda Alonso, Manuel Francisco Lijó Pérez, Modesto Fernández Rodríguez, Fidel Leyenda Rodríguez, José Rodríguez González, Manuel Barbosa Durán, Generoso Valverde Iglesias.

Xosé M. Álvarez Cáccamo



As luces do mar de Baiona

XOSÉ LOIS VILAR PEDREIRA

Sr. Director Xeral de Cultura, autoridades, familiares e amigos.

Hai pouco máis dun ano a Xunta Rectora do Instituto de Estudos Miñoranos decidiu MONUMENTALIZAR o lugar da VOLTA DOS NOVE. Constituimos unha comisión nun acto público celebrado na biblioteca de Baiona e contamos coa colaboración institucional da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e o Concello de Baiona así como da achega económica de todos nós.

Aínda que hoxe inauguremos o MONUMENTO, (así, todas con maiúsculas) a comisión non se disolverá xa que fican asuntos pendentes, como a tumba dos Ineses no cemiterio de Sabarís ou o foxo dos nove no camposanto de Baiona.

A min concedéronme a HONRA de ser o voceiro desta comisión. Onte ás dúas da madrugada cavillei sobre que dicirvos e non fixen máis que achegarme aquí algo antes das tres, sesenta e nove anos menos un día despois dos tráxicos aconte-

Xosé Lois Vilar Pedreira



cementos; ánimovos a que veñades á noitiña ou á noite e decataredesvos de que non estades sós, observade o horizonte do mar de Baiona e nove luces, nove orlan o fondo: a baliza do Lobo, a dos Carallóns, Cabo de Bicos, A Agoeira, A Pedra que Bole, Cangas, A Porta e O Centulo. Por certo todas distintas, con distinto brillo, distinta intermitencia e intensidade, unhas brancas, outras amarelentas, vermellas, verde A Pedra que Bole. Son eles no seu mar, sete mariñeiros, un labrego e un ferreiro. Luces variadas coma eles, Fidel con 51 anos, sen fillos ou Manolo Barbosa con 30 anos, 4 fillos e viúva con 26, Julia Sanjuan; unha lembranza para ela que aínda vive con 95 anos en Nigrán preto de Camos.

Nesta actuación artística de Fernando Casás conxúganse os 4 elementos da vida: o AIRE que respiramos, a AGUA que rebenta, estoupa na BOMBARDEIRA polo sur e SANSÓN polo norte, dous nomes con forza. PEDRA do PAÍS e TERRA que alimenta herba e loureiros, e por suposto o LUME que fundiu a centos de graos os 260 quilos de bronce. Todo iso para crear un espazo transcendente, permanente. O home de tódolos lugares e de tódolos tempos riscou na terra para debuxar como fixo o pobo durante 69 anos, como riscaba Sofía das Cruces, viúva do tío Félix.

Pero o home galego do máis profundo da nosa historia, desde o neolítico, hai 6.000 anos, cando quixo deixar a súa pegada na paisaxe chantou pés dereitos para construír as cámaras funerarias, as mámoas para os seus mortos.

O home galego hai 4.000 anos deixou impresas nas laxes graníticas dos nosos montes as mellores imaxes gravadas do mundo, os petróglifos.

E hoxe nós, no 2005 deixamos convertido en MONUMENTO un lugar de silvas, toxo e fento no mellor lugar posible.

Erguéranse no mundo pirámides na honra dos faraóns en Exipto, enormes cruces en vales caídos, pero ningún lugar no noso corazón como A VOLTA DOS NOVE á beira deste mar de BAIONA de MIÑOR. Vai por eles, polo Aballe, Antonio, O Gonda, O Lijó, O Rei Chiquito, O Pelonio, Tío Félix, Manolo Barbosa, por Generoso e por vós fillos que o sufristes.



Queridos amigos.

Num instante eterno de 1936 uma borboleta levanta vôo com 9 cruces em suas asas. A ilusão, nesse exato momento, deixa de existir. Durante décadas esta e muitas outras borboletas voaram carregando legiões de mortos como se de uma penitência infinita se tratasse.

Nossa borboleta hoje pousa diante de nós em um tronco firme e metálico, com sabor a bronze e costuras de feridas aparentes que forçam a que todos nos soldemos.

É um tronco decepado, cortado, uma representação daquilo que algum dia foi vida. Registro e Memória.

45 loureiros em constante transformação alimentam este tronco. Nove cruces que se multiplicam, que emanam consciência e a possibilidade de que esta nossa borboleta e muitas outras possam descansar suas cruces nas ramas das árvores que crescem e glorificam aos heróis que já não necessitam esconder-se.

A borboleta finalmente encontra seu lugar.

Fernando Casás.

na Volta dos 9, a 15 de outubro de 2005.

FERNANDO CASÁS

Texto lido por Fernando Casás durante o acto de inauguración da escultura

A Volta dos 9, composta por un tronco fundido en bronce e corenta e cinco loureiros vivos, que compoñen un diálogo entre a morte e a natureza en constante transformación. A escultura, ben como todo o material relativo á imaxe gráfica do proxecto (invitacións, carteis e demais soportes) son da súa autoría.



O Barco da Memoria en Baiona

Entre as actividades impulsadas pola Consellería de Cultura e Deportes do goberno galego en relación co ANO DA MEMORIA (2006) e coa vista posta na homenaxe ás vítimas e no coñecemento das funestas consecuencias que carrexou a represión franquista ao conxunto do país, houbo unha que tivo por único escenario o mundo do mar. Naquel verán, dende o 17 de xullo até o 6 de setembro, unha exposición itinerante percorreu 18 puntos do litoral galego. Con obxectivo divulgativo, presentación accesible e novidade no contido, a exposición tomaba outra dimensión acollida no interior da adega dunha das embarcacións máis emblemáticas do noso patrimonio marítimo: o Hidria segundo, un barco con motor a vapor de triple expansión, herdado do Hidria primeiro (de principios do século XX) con casco de madeira dos primeiros anos sesenta do pasado século que foi un vello alxibe do porto de Vigo, actualmente

rehabilitado e que, por unhas semanas converteuse no BARCO DA MEMORIA.

Na exposición OS MÁRTIRES DO MAR, a represión franquista contra os mariñeiros galegos, comisionada polo historiador Dionisio Pereira e na que o Val Miñor tiña infortunadamente unha elevada presenza. Non podemos esquecer que entre o nove veciños do Val Miñor asasinados na Volta dos Nove, sete eran mariñeiros. De xeito algún podía deixar de visitar o porto de Baiona o BARCO DA MEMORIA e así o fixo o 24, 25 e 26 de xullo.

Con motivo da súa visita o Instituto de Estudos Miñoranos e a Comisión Volta dos Nove, organizaron un intenso programa de actividades con dúas exposicións preparadas para a ocasión. Unha tivo por título NOVE PINTORES PARA A VOLTA DOS NOVE, na que nove pintores, todos eles residentes no Val Miñor, recrean a través de distintas técnicas a súa visión deste acontecemento; outra foi a mostra fotográfica NOVE VISIÓNS DUN MONUMENTO, na que nove fotógrafos e fotógrafas, tamén residentes no Val Miñor, expuxeron a súa visión da escultura de Fernando Casás. No último día da súa estancia o Hidria II acolleu o recital poético NOVE VOCES PARA A VOLTA DOS NOVE

O Barco da Memoria no Peirao de Baiona



Luis Bará e Ana M. Rodríguez no Barco da Memoria



Neses días realizouse o acto inaugural presentado pola concelleira Ana María Rodríguez e no que tomaron a palabra Rosana Estévez en representación dos nove fotógrafos e fotografías, Caíno Vasconcellos en representación dos nove pintores e Carlos Méixome como director do Instituto de Estudos Miñoranos; houbo un concerto da Banda Municipal de Baiona dirixida por Gabriel Rodríguez Rodríguez; unha conferencia sobre a represión franquista no Val Miñor, pronunciada por Xoán A. González Pérez, Carlos Méixome Quinteiro e Xosé Lois Vilar Pedreira e proxectáronse os documentais *Foi no 36* da nova realizadora e veciña do Val Miñor Antía Paz e *Penal de San Cristóbal. Pamplona. A gran fuxida dos cárceres franquistas*, de Iñaki Alforja. No acto de clausura celebrado tras o recital poético falaron Xosé Lois Vilar Pedreira en representación da Comisión Volta dos Nove e Luís Bará Torres, Director Xeral de Promoción e Difusión Cultural.

Nove pintores para a VOLTA DOS NOVE

Gabriel Rodríguez dirixindo a Banda de Baiona



A RAZÓN DOS NOVE

Gravado calcográfico e óleo sobre celulosa 84,5x74,5



Armando Guerra (Santiago de Compostela, 1948)

Aínda non comezara a súa carreira e xa tiña realizado unha exposición individual de pintura na súa cidade natal. Iniciou os estudos de Belas Artes na Escola Superior San Carlos (Valencia), en 1968, ano no que acadou o premio extraordinario de color. Continuou a súa formación na Escola Superior de Belas Artes San Jordi (Barcelona) ata finalizar a carreira, en 1974, nas especialidades de pintura e calcografía.

Regresa a Galicia e desenvolve unha obra cunha forte presenza das ideas e da descuberta ao redor do feito plástico. Quizais este eclecticismo voluntario o teña afastado das relacións sociais, concentrado no seu traballo, mantense á marxe de circuitos e grupos de presión. Unicamente ten interese en participar do movemento renovador artístico que, nos anos oitenta, se denominou Atlántica, ao que achega a súa idea conceptual da arte.

Ten realizado unha obra intensa como resultado da súa teima pola investigación do proceso creativo. Participou en diversas mostras colectivas e ten feito varias individuais, tanto en Galicia como en Cataluña.

Dende 1986, reside no Val Miñor, en Sabarís, Baiona.



BOA SEMENTE
Acuarela 65x50



Pepe Sanjurjo Mantilla (Rosende-Lugo, 1940)

Naceu nun medio rural do que vai tirar para a súa obra elementos de natureza e realidade. Realizou estudos de Belas Artes na Academia de Belas Artes San Fernando (Madrid). Nos anos 70 foi invitado ao Seminario Libre do Laboratorio de Formas da Cerámica de Sargadelos que dirixía o artista Isaac Díaz pardo, sendo bolseiro especial desta institución. Foi bolseiro da Fundación Joan March en 1976. Recibiu o premio español en Colorido.

Reside no Val Miñor dende 1984, en Mañufe, Gondomar.




OS NOVE
Óleo/táboa 116x89



Caíno Vasconcellos Cabral (Baiona, 1947)

Artista autodidacta. Entre os anos 1970 e 1972, en Londres, inicia a súa carreira. Son anos de inquietude, de aproveitar o tempo, de visitas diarias á National Gallery, de estudo constante. As formas visuais, a pintura moderna, os clásicos, nada lle escapa ao tempo que realiza as primeiras exposicións cun grupo de pintores de Hyde Park.

De regreso no Val Miñor, instálase definitivamente en Baiona, a súa vila. Dedicase ao ensino nun curto período. Nestes anos emprega tanto o óleo, como a acuarela ou a plumiña. Ten ilustrado infinidade de libros e colaborado coa prensa cos seus debuxos e pinturas. Participou en preto de corenta exposicións colectivas e realizou dez individuais. Entre as cidades que acolleron a súa obra podemos citar: Baiona, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo, Viana do Castelo, Vila Praia de Ancora, Bilbo, Madrid, Barcelona, Londres ou New York, cidade na que volveu expoñer recentemente, maio de 2006, nesta ocasión no Consulado de Venezuela.



NOVE ESTRELAS
Óleo/tela 92x65



Iván Morillas (Priegue, 1980).

Lembra sempre que na parroquia nigranesa pasou a nenez xogando libremente polos campos. A mocidade en Panxón e os estudos de deseño gráfico en Vigo. Antes gañara varios concursos de debuxo e xa comezara a pintar nas paredes de locais e casas, ao tempo que acudía ás clases do seu mestre Claudio Maseiro, onde aprendeu a saborear a arte e a vida. Foi o seu mestre quen lle fixo unha pequena trampa e, cando tiña catorce anos, colgou os seus cadros nunha colectiva no concello de Nigrán, nada menos que ao lado de Caino, Pablo Alejos e outros.

Aos dezaseis expuxo no Náutico de Panxón. O traballo para subsistir, a perda de parte da timidez e o contacto coas xentes da Ramallosa e sempre a pintar en locais diversos (entrada e escenario de Ramallosa 2000, Azzaro, unha peixería, un videoclub, unha farmacia, e varios de copas), moitos retratos de encarga e algunha ilustración de libros.

No 2003 a exposicións As cores do sinxelo. Logo, Esperanza 2005 en homenaxe a Felix Rodríguez de la Fuente, no 25 aniversario da súa morte

Expuxo a súa obra na Capitanía Marítima de Baiona, no Gallery café de Vigo e na galería Sargadelos da cidade da oliveira.

Dirixe a Galería de Arte que leva o seu nome que converteu ademais nun obradoiro de pintura e enmarcado, en tenda de belas artes e tamén nun espazo de reflexión sobre a arte.



ESPAÑOLITO QUE VIENES AL MUNDO ...
Gravado serigráfico/ Técnica mixta 25,5X39,5



Antonio Quesada (Ourense, 1932)

Cando tiña seis anos morreu o seu pai e ingresa nun colexio de orfos de funcionarios da Facenda no Madrid da posguerra. Alí fai o bacharelato que rematará en Ourense, onde comezará os estudos de Comercio que rematou na Coruña. Por razóns profesionais traslada a súa residencia a Zamora en 1953 onde entra en contacto cun grupo de artistas e intelectuais entre os que destacan o pintor Antonio Pedrero e o poeta Claudio Rodríguez. Instala un obradoiro no que ademais de coa pintura, escultura e cerámica practica e experimenta coa técnica plástica e industrial da serigrafía.


A cidade de Ourense, á que sempre estará unido, vai ser tamén decisiva na súa formación xa que nos anos 50 e 60 ten unha interesante actividade cultural arredor dos faladoiros de Otero Pedraio e Vicente Risco, sendo el un dos mozos que frecuentaba este círculo.

Nos anos 60 participa en exposicións colectivas e viaxa por Europa. Expón en París e Suecia, máis tarde en Chicago e noutras cidades dos EUA.

En 1966 traslada a súa residencia a Vigo. Nesta cidade vai realizar unha obra que o converte nun dos máis destacados paisaxistas da plástica peninsular.

En 1993 realiza unha antolóxica dentro do ciclo "Grandes Artistas Galegos" e en 1994 repite a experiencia, con enorme éxito, na súa cidade natal.

É membro asesor do Museo Quiñones de León e recibiu algún dos principais premios como o Especial da Bienal de Pintura. Ten residencia no Val Miñor, nas Rasas, Gondomar, dende 1977.



CABO SILLEIRO
Óleo sobre táboa 55x40



Juan Bellas (Pontedeume, 1945)

Compaxina de forma regular a súa actividade como enxeñeiro técnico coa pintura ao óleo e acuarela. Dende 1980 viaxa por Italia e Francia o que lle permite coñecer a pintura que se fai no exterior. A súa obra, por primeira vez, se fai pública en 1983 na VII Bienal de Arte patrocinada pola Deputación de Pontevedra.

A súa pintura é considerada pola crítica como figurativa de tendencia post-impresionista. En boa parte dos seus óleos e acuarelas reflicte as paisaxes do Val Miñor, nomeadamente de Chaín (Gondomar) onde ten o seu estudo.

Amais de esporádicas mostras das súas obras en París (III Bienal de pintura PSA Peugeot-Citröen, 1987) ou o Bierzo (Cacabelos, 1985), expón preferentemente en Galicia de forma individual ou participando en colectivas nas que obtivo diversos galardóns.

Hai obra permanente en institucións públicas e coleccións particulares.



FENDAS NAS CORES
Técnica mixta 70x50



Alfonso Soliño Troncoso (Fontán, Mañufe - Gondomar, 1960)

Arquitecto Técnico pola E.U.A.T. da Coruña (Universidade de Santiago de Compostela). Desenvolve a súa profesión como funcionario do concello de Gondomar simultaneando esa actividade con traballos en pintura, escultura e deseño gráfico.

O primeiro contacto coa escultura foi a finais da década dos setenta. Inicialmente só en pedras de gran; mais tarde irán aparecendo outros materiais: barro, bronce, madeira ...

De inclinación natural cara ao debuxo, comezou con experimentacións en acuarela e óleo, técnicas que irán mellorando coa asistencia a diversos obradoiros.

Foi finalista dos Premios de Artes Plásticas Ciudad de Palencia (2005) na categoría de escultura (Premio Victorio Macho).

É autor da peza conmemorativa do Certame de Relato e Poesía Don Diego Sarmiento de Acuña – Conde de Gondomar. Tamén da obra escultórica coa que o Instituto de Estudos Miñoranos agasalla aos conferenciantes dos faladoiros anuais que organiza o propio IEM.

É coautor da publicación Gondomar . Historia, Arte e Territorio (1995) e na actualidade colabora para unha nova publicación sobre o Patrimonio Arquitectónico relixioso e costumista no ámbito territorial do concello de Gondomar.

É membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos dende o ano 2002.



SEN TÍTULO
Acrílico sobre táboa 61x51



Claudio Maseiro Vila (Montevideo, 1959)


De raízaes gondomareñas. Reside no Val Miñor, de forma permanente, dende o ano 1992.

A súa formación artística comeza ben cedo, á beira de pintores relacionados co "Taller del Sur" fundado por Joaquín Torres García.

Dende a adolescencia segue o seu camiño na plástica como autodidacta. Gran parte da súa vida artística, en América e en Galicia, dedicoulla ao ensino da pintura.


A súa primeira exposición realizouna no Uruguai, aos doce anos de idade, sobre "Paisajes de Gondomar narrados por mi abuelo".

Fixo exposicións en diversas salas de Montevideo, Punta del Este, Bos Aires e mais recentemente en mostras colectivas, sendo merecente de salientar a promovida por UNICEF en Pontevedra.



RÉQUIEM.

Elección e disposición arbitrarias de nove elementos
Técnica mixta sobre papel 50x34



Fino Lorenzo (Sabaris, Baiona, 1962)

De neno debuxaba indios e pistoleiros. Agora xa non pois indios case non quedan e pistoleiros hai demasiados. Durante anos rotulou iates e barcos, pintou acuarelas e asomouse a ese pozo sen fondo que é a colaxe. A insistencia de amigos con boas intencións convenceuno para se meter polas reviravoltas da ilustración de libros. Na actualidade, constrúe libros obxecto mentres escoita a Thelonus Monk a 33 RPM e, unha vez á semana, pasea a súa barriga polo campo de futbito.

Exposicións individuais (selección): Real Club Náutico de Vigo (1987), Galería Androx, Vigo (1989), Caja de Ahorros de Pontevedra, Pontevedra (1990), Sala Hércules Coruñés, A Coruña (1990), Caixavigo, Vigo (1991), Galería Dua 2, Vigo (2003)

Exposicións colectivas (selección): Castillo de Peñafiel, Valladolid (1988), Caja de Ahorros Municipal de Burgos, Aranda de Duero (1988), Galería Millares, Madrid (1989), Interbienais, Vilanova da Cerveira (1989), Caixa Ourense, Ourense (1989), Centro Cultural D.R. Madrazo, Santander (1990), Centro Cultural Galileo, Madrid (1990).

Como ilustrador: *Ondas de verde e azul*, Vigo, Xerais, 1994; *Iría e a lúa*, Vigo, Xerais, 1997; *Os nosos versos*, Madrid, Anaya, 1997; *A longa viaxe de Carambeliña Polar*, Vigo, Alfaguara-Obradoiro, 1998; *Contos maravillosos III*, Vigo, Xerais, 1999; *Cuatro cartas*, Madrid, Anaya, 2000; *O que ven os ollos dos nenos*, Vigo, Xerais, 2000; *Mermelada de fresa*, Madrid, Anaya, 2001 (existe versión en galego: *Mermelada de amorodo*, Xerais); *Ten, ten, a miña casa ten...*, Vigo, Galaxia, 2001; *Pequena mitoloxía de Galicia*, Vigo, Xerais, 2001; *El ciempies*, Madrid, Anaya, 2005; *A teima de Xan*, Vigo, Galaxia, 2005; *Lorenzo Varela. Biografía e antoloxía*, Vigo, Xerais, 2005; *Lugris Freire. Biografía e antoloxía*, Vigo, Xerais, 2006.




Nove visións do monumento na VOLTA DOS NOVE

NOVE VIDAS, NOVE MORTES
Tamaño 30x40

Rosana Estévez Pereira (Camos, Nigrán, 1970)

Licenciada en Filoxía Inglesa pola USC. Membro do Instituto de Estudos Miñoranos.



SEN TÍTULO
Tamaño 30x40



César López Rodríguez (Ourense, 1950)

Nado en Ourense no ano 1950. Fixo a carreira de Magisterio acadando acceso directo ao corpo na quinta promoción do plan 67. Exerceu a súa profesión en diversas escolas da provincia de Ourense. Realizou diversos cursos de verán nas universidades inglesas de Plymouth e Exeter pola súa especialidade. No ano 77 inaugurou o Colexio Público de Vilariño-Nigrán do que foi director moitos anos á vez que Profesor de Inglés. No 97 integrouse no IES Escolas Proval de Nigrán como Mestre da mesma especialidade.

Realizou cursos de fotografía, afección dende moi novo, e moveuse algo na concursística. Unha das súas fotografías integrou a exposición "Nove fotografías para a Volta dos Nove" na estadia baionesa do "Barco da Memoria". Fixo unha "visión fotográfica" do monumento referido para o arquivo do IEM. Realizou cursos de debuxo e pintura, afección en beneficio, as máis das veces, das súas amizades e sen proxección comercial. Posúe, tamén, estudos medios de música (piano) polo conservatorio de música de Ourense e Gondomar, así como, tamén, de guitarra e canto coral coa realización dalgún traballo de investigación sobre a música local. Todas as súas inxedanzas artísticas naceron e progresaron dende moi novo grazas a un forte autodidactismo, amais dos cursos de perfeccionamento referidos.



FEITIZO DA MEMORIA
Tamaño 30x40



Ánxeles Bouzó Fernández (Vigo)

Impartiu aulas en diversos colexios do Val Miñor, na actualidade é Profesora de Música e Plástica no IES "Escolas Proval" de Nigrán.

A súa relación coa fotografía ven dende moi nova tanto no uso da cámara como nos segredos do "cuarto escuro". Ten realizado diversos cursos de revelado e fotografía dixital.



SEN TÍTULO
Tamaño 30x40



Adrián Marx (Río de Xaneiro, 1985)

Como fotógrafo participou en diferentes exposicións colectivas, como: *Bibliomonde 10ème Anniversaire*, St.Blaise, Suiza, 2005. *Imaxes e palabras*, Casa do Libro, Vigo, 2005, *Colectiva*, Casa do Libro, Vigo, 2004. Presentación do video *Orixás*, Círculo de Belas Artes, Madrid, 2004.

Fotos publicadas nos seguintes libros e periódicos: *Faro de Vigo*, 2007. *Cadernos ESAP*, Porto, Portugal, 2007. *Arqueoloxía do non-lugar*, Madrid, 2004.

Fotos publicitarias para: Xóias Beatriz Carvalhaes, Río de Xaneiro. Pablo Seoane (músico), Santiago de Compostela. Kitchen 55 axencia publicitaria, Vigo.

Acompañamento fotográfico para Cia. Mu Teatro: *La Gran Oportunidad*, Logroño, 2005. *Entre Silencios*, Río de Xaneiro, 2006/7.



SEN TÍTULO
Tamaño 30x40



Andrés Fraga (Paxón, Nigrán, 1982)

Xa dende rapaz comeza a descubrir o mundo da fotografía a través da afección do seu pai, e no monte fai as súas primeiras fotografías cunha vella réflex. Anos máis tarde marcha a Cataluña a estudar fotografía na antiga escola de fotografía da UPC (agora CITM). De alí marcha a Finlandia, onde ademais de rematar o seu proxecto final coñece unha maneira diferente de tratar a imaxe de prensa.

Pasou o tempo, a morriña creceu, e volveu a Galicia. Agora vive en Santiago de Compostela e colabora con El Pais Galicia e segue a traballar con medios fineses na península e Sudamérica. Ademais, continúa a colaborar con deseñadores gráficos e estudos de arquitectura.



NUNCA MÁIS
Tamaño 30x40



Cruz Juíz Crespo (Illa da Arousa, 1957)

Diplomada en enfermería. Enfermeira e profesora de Ensino Secundario.



BRANCO E NEGRO
Tamaño 30x40



J. Daniel González Otero (Uruguai, 1969)

Fillo de emigrantes, regresou aos catro anos e dende aquela andou entre Mañufe (Gondomar) e Madrid.

Aos 16 anos aventureuse nunha viaxe aos Estados Unidos para iniciar a súa actividade artística e realizar estudos de Arte nos que acadou matrícula de honor. Abandonada a súa faceta artística no mundo da pintura centrouse na fotografía facendo pequenas exposicións e colaborando en proxectos fotográficos.

Pasados algúns anos acordou regresar a Galicia, montar un pequeno estudio en Baiona no que combina a fotografía social e de estudio coa fotografía artística.



BRANCO E NEGRO
Tamaño 30x40



Alfonso Soliño Troncoso (Fontán, Mañufe - Gondomar, 1960)

Ver páxina 33



INTENCIÓN E MANCHA

(1993) Tamaño 30x40

Esta fotografía foi tirada nunha tarde de verán de fai trece anos a escasas 99 veces 9 pasos da curva dos nove. Alguén decidiu de maneira intencionada que un muro en orixe mudase.



Antonio Soliño Trancoso (A Mourisca, Chaín - Gondomar, 1958)

Arquitecto pola F.A.A.U.L. do Porto, onde obtivo Premio Extraordinario Fin de Carreira. Titulado en Arquitectura Técnica pola E.U.A.T. de A Coruña.

Realizou viaxes de estudo por varios países de Europa acompañado, sempre, dun caderno de brancas follas e dunha leal Pentax K-1000, que máis recentemente mudou por unha Canon EOS 350D.

Membro do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, da Ordem dos Arquitectos Portugueses e do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Ten gabinete propio en Gondomar e obra no Sur de Galicia e Norte de Portugal.

E coautor de *Gondomar: Historia, Arte e Territorio* (1995) e actualmente está rematando, en colaboración, un traballo - inventario sobre o Patrimonio Arquitectónico de carácter relixioso e costumista do concello de Gondomar.



Nove voces para a VOLTA DOS NOVE

VOLTA DOS NOVE

(un golpe) E a pouta de metal que estoupa tras dos ollos, pouta que destrúe memoria, amor, desexo, vida.

(dous golpes) Pólvora, bala, pouta de metal que estoupa, pouta que destrúe a imaxe amada, as voces infantís.

(tres golpes) Orde indesexábel que cala a Bombardeira e a violencia feroz, covarde e fría racha a noite.

(catro, cinco, seis golpes. Sete golpes. Son ... oito golpes, nove) As damas das pozas laian horrorizadas, carpen ao cabo Silleiro, ás crinas do mar ensanguentadas (ensanguentadas as pedras, ensanguentada a lúa).

Nove (nove golpes), nove poutas de metal que estoupan na alma, que destrúen memoria, amor, desexo, vida.

A man asasina conduce os seus corpos ao silencio entre as campas de Baiona, mais o silencio ergue, clama desde a terra, un por un, os seus nomes de semente ensanguentada.

Marta Dacosta Alonso (Vigo, 1966).

A súa obra poética está recollida en diversas antoloxías: *Para saír do século, nova proposta poética; dEfecto 2000; Novas Voces da Poesía Galega; A poesía contemporánea a partir de 1975, antoloxía; 25 anos de poesía galega 1975-2000; Antoloxía de Joven Poesía Gallega* e publicacións colectivas: *Intifada, oferenda dos poetas galegos a Palestina; 8 e méio; O entrelazado das palabra; Negra Sombra, intervención poética contra a marea negra; Alma de beiramar; Sempre Mar e Botella ao mar.*

Publicou até o de agora os seguintes libros: *Crear o mar en Compostela*, premio de poesía "O Grelo" 1993, *Pel de ameixa* premio "González Garcés" 1995, *Setembro*, premio "Martín Códax" 1998, *En atalaia alerta*, accésit do premio Esquíu 1999 e *As Amantes de Hamlet*, 2003. Actualmente colabora con varias publicacións e forma parte da Directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).



TRIBUNAL DAS NOVE CRUCES

Que ninguén destrúa a caixa negra:
a esfínxe do cabo Pena permanece dentro,
cabeza con tricornio,
pistola en néboa contra as luces da mañá.

Manuel Aballe
Felicísimo Pérez
Elías Gonda

Que ninguén
desbarate na liña da conciencia a cadea dos estralos do quince de outubro a con-
traluz
dos ángulos do mar.

Manuel Lijó
Modesto Fernández
Fidel Leyenda

E que ninguén persista na contradanza da mentira.
Criminal quen esqueza ou negue o que todos viron,
o que a memoria sabe con certeza de abismo e raíz.

José Rodríguez
Manuel Barbosa
Generoso Valverde

Ninguén conseguiu nunca silenciar a sentenza das nove cruces da volta de Baredo.
Ninguén vai coutar nunca a enxurrada de nós en volcán de xustiza, en acción
de permanente tribunal popular.

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950).

É profesor de Literatura, poeta e crítico literario. Ten publicado ademais obra narrativa e teatral. Como poeta recibiu o Premio “Esquíu” (1986), o Premio da Asociación de Críticos de España (1987), o Premio da Crítica de Galiza (1998), o Premio “González Garcés” (1999), o Premio “Arume de Poesía para nenos” (2001) e o Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega (2004).

É autor dos seguintes libros de poemas : *Praia das furnas* (1983), *Arquitecturas de cinza* (1985), *Os documentos da sombra* (1986), *Luminoso lugar de abatimento* (1987), *Cimo das idades tristes* (1988), *Fragmentos de mar* (1989), *O lume branco* (1991), *Colección de espellos* (1994), *A escrita das aves de marzo* (1997), *Calendario perpetuo* (1997), *Os cadernos da ira* (1999), *Vocabulario das orixes* (2000), *Depósito natural* (2002) e *Vilar dos fillos* (2004). *En Acoradoiro. Obra poética* (1983-2003), publicado en 2003, recóllese a súa poesía publicada até o momento. No ano 2004, en edición bilingüe castelán-galego, publicouse unha escolma da súa obra poética, titulada *Habitación del mar. Antología, 1983-2003*.

Como narrador publicou os libros de relatos *Microtopofanías* (1992) e *A luz dos desnortados* (1996) e como autor teatral *Monstro do meu labirinto* (1987) e *Casa dormida* (1988). *Memoria de poeta* (2006) é un compendio autobiográfico.



Foto: Vitor Vaqueiro

Foi nos días tristísimos de dor e de miseria
en que sopraba un vento de loito rigoroso
e a animalia afiaba na tobeira coitelos
para os ollos dos orfos.

Polo espiñazo arriba subía un arrepío
coas voces que na noite presaxiaban a infamia,
o ollar do delator, o riso do asasino
e a morte en cada casa.

A morte en cada casa, en cada cuarto a morte
e o solo de pistolas a mandar no concerto
cun fondo monocorde de hisopos e amidóns
e as palabras do medo.

E as desaparicións, e os paseos nocturnos
e a violencia a rexer o curso das xornadas
nos tristísimos días en que o lobo da xente
impuxo a súa lei pola forza das balas.

Gonzalo Navaza (Lalín, 1957)

Doutor en Filoloxía Románica, profesor na Universidade de Vigo. Presidente da Asociación Galega de Onomástica. Membro da Comisión de Toponimia de Galicia.

Publicou numerosos traballos relacionados coa lexicografía e coa onomástica (toponimia e antroponimia): *Toponimia de Reboreda* (1996), *Fitotoponimia galega* (2006), *Toponimia de Catoira* (2007), e artigos en publicacións especializadas. Dirixiu e coordinou a serie de dicionarios de Edicións Xerais de Galicia. Traduciu para o galego obras de Jack London, Robert Graves, Georges Perec, etc.

Obra de creación (poesía e narrativa): *Fábrica íntima* (1991), *A torre da derrota* (1992), *Erros e Tánatos* (1996), *Elucidario* (1999), *Libra* (2000), *Santos e defuntos* (2001). Recibiu, entre outros, os seguintes premios: Premio da Crítica Española (en 1991 e en 2000); Premio Arcebispo San Clemente de narrativa (1998), Premio Martín Códax de poesía (2000), Premio Losada Diéguez de Investigación (2007), Premio Lois Peña Novo (2007).



VELAQUÍ O TERROR

Velaquí o terror,
o tempo das cazatas,
dos encirrados cans
da rabia arrabeados
que con poutas e cairos
caeron sobre os nove,
caeron sobre o mundo,
trabaron crueis, atroces,
nas caras e nas gorxas,
nos ollos da esperanza.
¡Ai, da ira asasina!
¡Ai, do terror máis frío!
¡Ai, besta vingativa!
Contra ti nos erguemos
coas balas da memoria,
con campás, con protesta,
con cruces ouveantes
que urran polo crime,
sudario silencioso
da futura xustiza.
E a vólos nove a luz
de versos pedra-libre.
E memoria e memoria
pola volta dos nove:
punxente memoranza.

PRANTO

Hoxe non hai muller
que chore no seu home
e que chore por nós.
Non, nin tampouco chove.

Que nos chore Beatriz,
descoñecida estrela,
doce sobor dos nove,
as bágoas quentes, círculo,
que endexamais teremos.

Cala irmán, mar non chores.
Arrualla, mais non chores,
que poden escoitarte.

Hoxe non hai muller.
Choran as serras, choran
os toxos, chans e laxes,
curros de Morgadáns
que aínda han vir, as mámoas.

Bagoa o Galiñeiro,
bagoa ben a Groba
e os petroglifos choran
a chuvia chea de espadas,
chanto Auga da Laxe.

Cala irmán, mar dos cons
da Bombardeira, cala
que poden escoitarte.

¿E Chove? Non, tampouco.
Chora o Miñor caudal
polos nove ollos seus
na foz da Ramallosa.
Bagullan os Ineses,
Perfecta a Samuelle,
bagulla Anxel Casal.

Hoxe chora a muller
sen morto que chorar,
sen ollos, sen cadáver.
-Este, que me dicía
“avellaremos xuntos
pro ti...”, malpocadiñas.

E aínda Dante, na volta
do camiño un brutal-
mente novo nove chora.
Choran de arca e couso,
no alto mar maior,
gavieiros e rapaces,
illas, dornas, temóns,
o xeito e o alcherife,
luzadas de néboa.

Chora, carpe Baredo.
Baredo, Berbés, Bens,
Baredo, Burgo, Bóveda...
Choran os prantos todos
que nos baixos choraron.
A República nosa,
dos nosos soños chora.

Esbagulla, esbagulla ...
Esbagullade todos.
Mais ti, mar, ti arrualla
se queres, pro non chores.
Non convén chorar máis.

FINAL

Desde a volta dos nove nove cruces
dan a morte, unha a unha, silenciada,
campás furtivas, sinos insurxentes.

Desde a volta dos nove nove cruces
fungan na noite, frechas delatoras
espetadas no tímpano dos lobos.

Desde a volta dos nove nove cruces
asubían o crime coma tiros
no chan, no foxo, magmas da memoria.

Desde a volta dos nove nove cruces
aturuxan a libre nova vida
en que han vivir pra sempre os nosos
mortos.

Desde a volta dos nove nove luces
enchen agora o mar e a noite vosa
por Carallóns e Lobo balizada.

Desde a volta dos nove nove luces
saúdanvos con brillo e cores lóstrego
que dá o cabo de Agoeira e dá o de
Bicos.

Desde a volta dos nove nove luces
anuncian o regreso, a volta aos nove:
Porta, as de Cangas, Centulo, Que Bole.

Nove cruces na volta e nove luces.
Velaquí a revolta, a volta a voltas,
o retorno do sangue, a volta ós mortos.

Saúde para os nove regresando:
coma o soño, república espiral,
que nunca poderán asasinar.

Anxo Angueira Viturro (Manselle, 1961)

Doutor en Filoloxía Galega e profesor no ensino secundario e universitario.

No ámbito da creación literaria ten as seguintes publicacións: *Val de Ramirás* (1989), *O valo de Manselle* (1996), *Bágoas de facer illas* (1997), *Libro da Vertixe*, (1997), *Pensa nao* (1999), *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro* (2002), *A morte de A.* (2003) e *Fóra do sagrado* (2007).

No ámbito da investigación publicou *De Rosalía a Dieste. 33 Anos das Letras* (1995), *La poesía galicienne de 1936 à 1990* (1999) e diferentes estudos sobre as obras de Rosalía de Castro, Fernández Morales ou Méndez Ferrín, de quen realizou a edición crítica de *Poesía enteira de Heriberto Bens* (1999) e *Breña, Esmeraldina* (2007).



AOS ASASINOS DOS NOVE

¿Que home pode arrebatarlle a vida ao peito que respira en flor,
 ao músculo que se esforza na procura do pan para os fillos?
 ¿No nome de que relixión pode enxoitarse o mar que ofrece o seu gaño?
 ¿Qué corazón tan escuro pode seiturar a liberdade que alborexa nas escumas das
 ardentías?
 ¿Por qué unha man sinistra pode definir o transo da vida á morte
 sen que lle trema o gatillo de alarido de fume de ferro?
 ¿Quen pode anubrar a luz que faísca nos ollos e roubar as palabras futuras aos
 beizos que aman?
 ¿No nome de qué Deus falabades, homes de mal? ¿No nome de que orde?
 ¿Qué esculcaban os vosos ollos entre a ira?
 ¿Tanto odio tiñades por ter nacido?
 ¿Tanta sede de sangue como para seiturar os pés dos semellantes?
 ¿Tanta lareca atrasada nos corpos e nas almas?
 ¿Cal foi o ceo que vos acolleu? ¿Cal é o ceo dos asasinos?
 ¿Qué bandeira ondeou na noite eterna das vosas consciencias?
 ¿Qué lles berrabades ás sombras dos nove cadáveres cando se vos aparecían ar-
 redor do leito?
 ¿Foron elaborados os vosos cadaleitos con madeira santa?
 ¿Sentistes paz o domingo seguinte á atrocidade ao entrar na igrexa?
 ¿Por qué vos rillaron os vermes en vida?
 ¿Souberon os vosos fillos que deixastes orfos a outros fillos?
 ¿Qué medalla vos puxo Deus no confesionario?
 Todas as olladas presentáronsevos nas noites insomnes.
 Ese foi o voso castigo: non vivir en vida, sentir teimudamente nas tempas
 o xeo das vosas pistolas.
 Paseniño foron gangrenándose os vosos desexos.
 A couza furou os vosos soños.
 Afundíronse os vosos lombos.
 Queimáronse as vosas entrañas.
 O aire non penetraba nos pulmóns.
 Non podíades pechar os ollos.
 Escoitabades voces...
 Porque Deus, o voso Deus, no fondo do seu corazón,
 maldicía a vosa existencia.
 Amén.

Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952).

Profesor no ISM de Panxón - Nigrán.

Como narrador ten publicado varias novelas: *Peito de vimbio*. (1988), *As baleas de Eduardo Reinoso* (1990) *Espírito de Broustenac* (1996) *O Bosque de Levas* (2002) (Adaptada ao cine con guión de A. Lopo e A. Dobao); varios libros de relatos: *O Eco de Ramallón* (1992) *Castromil e unha noites* (1992), *Xente de mala morte* (1993) *Catapulta* (1995) *Contos mamíferos* (1998) e máis dunha ducia de relatos e diferentes volumes colectivos.

Como poeta deu ao prelo *Na flor do vento* (1999) así como diversos poemas en libros colectivos.

Cultiva con asiduidade o artigo xornalístico, colaborou en diversas revistas de humor e elaborou guións de programas de televisión. Conferenciante e membro de diversas entidades culturais e fundacións.

Publicou unha biografía do seu pai *Xosé María Álvarez Blázquez* (1994 e verteu ao galego as súas novelas *En el pueblo hay caras nuevas* (1993) e *Crecen las aguas* (1995)

Recibiu máis dunha ducia de premios literarios entre os que podemos destacar o Premio de Novela “Café de Catro a Catro” (1988), o “Xerais” de novela (1990), o “Álvaro Cunqueiro” de narrativa (1993), o “Manuel García Barros” de novela (1996) ou o “Manuel Murguía” de narrativa breve (1998).



NOVE CRUCES DE AREA

*Disque renaceron día a día,
nove cruces de area, prohibidas,
en memoria de nove fusilamentos*

Foi no forte Baredo
onde as poutas varudas das montañas
esfiañan o mar;
onde fan das penurias e do medo
madeira para as barcas
fariña para o pan.

Foi no Baredo rudo
no Baredo romántico e varudo,
naquel Baredo que escoitou un día
no frío dunha noite de invernia
nove eclosións de morte, nove gritos,
nove nomes que foron nove mundos,
e nove veces nove: ¡prohibido!

Foi no Baredo Bruxo,
no Baredo dos santos e das meigas,
onde os deuses da guerra
sementaron nas gorxas aturuxos
de rabia e de impotencia
que engraiaron en flor de rebeldía:
nove cruces de Lázaro de area
fixeron o milagre de nove lustros.

¡Oh Baredo varudo,
alma de mar e vento,
de vento teima e mar, de teima e tempo!
Comigo vas nun soño estrafalario:
que tres millóns de teimas como a túa,
desa caste varuda,
repintan cada día
sete cruces da patria da mariña.

Miguel Anxo Mouriño (Cambados, 1943).

É mestre. Está vinculado dende a infancia a Gondomar. É autor de varios poemarios: *Camariña: sete cruces e unha esperanza*, *E segues a tirarme das entrañas*, *Versos Primos*, *Gondomar de Pablo*; de dúas novelas para a xuventude: *Os Arriscados*, *O Reino Ideal* e dun libro de actividades escolares *Actividades Escolares para o cultivo da Lingua*. É director da sección de Lingua e Literatura do Instituto de Estudos Miñoranos.



1936/2006

Ela está alí, agardando, sabe que eles acudirán, outra volta, como sempre o fixeron, como as moscas á arañeira, como as avelaiñas ao farol, como a maré que ascende polos cons, coa mesma certeza

Ela está alí, onde sempre, inmóbil tras dos piñeiros, agachada, silandeira no amencer que se deixa adiviñar por instantes no fondo do horizonte, a luz presentida que eles non verán xa máis, espreitando o ecoar lonxano do motor da camioneta que se achega vagariño, a camioneta cos homes arrincados dun soño incerto, precario, que foi e será o derradeiro

Ela está alí, onde sempre estivo, axexando a saída dos mozos, a súa entrada ao carro noviño do trinque, relucente, as bromas e os xogos rituais do amor e da bebedeira, o espírito da noite que como todas á idade deles pretenderon facer inesquecibel e, a diferenza de outras, esta vai selo definitivamente

Ela está alí, onde sempre estivo, agardando as conversas dos homes cocidos en augardente, rindo e facendo burla das miserias dos cativos, talmente como se fosen dar comezo á mata do porco, esperando a visión última das faces que perderon a cor de seu, das camisas cotrosas de suor e cheiros a corte, a cadea, a mexados, a medo dos presos

Ela está espelida, cando o cansazo da alborada, malia anfetis e raias, a marcha incesante da disco, o alcohol, as olladas de complicidade, que puxeron lume nos ollos dos que chegan veloces, as mans que procuran os buracos íntimos dos corpos novos, os corpos que piden o repouso negado tantas horas

Ela escoita como se detén a camioneta, como os homes de uniforme limpo ou roupa nova tiran as cabichas, cospen, insultan aínda e a culatazos, a pancadas, talmente como no carro da feira farían baixar ao gando, baleiran o compartimento onde outros homes tremen, choran, ou tentan con desespero que o seu último pensamento sexa para quen máis queren e a quen xa nunca verán

Ela escoita as risas bébedas dos mozos, o susto das rapazas amortecido pola euforia da brincadeira, os golpes bruscos de volante na estrada retorta e deserta, as rodas polo arcén, case abeirando os piñeiros, o automóbil novo, tan deportivo, marabilloso de cilindros e cabalos tan desbocados arestora coma os seus corazóns

Ela sente os homes aliñados contra súa, os homes aterrados, esgotados, vencidos, os farois da camioneta contra as súas costas, o bater das ferraxes das carabinas que se arman para tirar, as detonacións, os berros, o noxo, o fume, o ulido a xofre, o sangue

Ela nota como patina o carro novo tan caro, regalo de aniversario, como voa fóra do asfalto e estoura contra o penedo nun golpe xordo que estremece a terra, e logo o silencio, a gasolina que fuxe e o sangue

o sangue. Ela está alí, outra volta, como se fose o seu destino natural, a colleita tardeira da semente verquida outra madrugada de hai setenta anos, cando a noite era aínda máis escura, a curva máis negra, de sábreo e non de asfalto o pavimento. A curva

está alí onde sempre estivo. A revolta, aquela precisa curva, sempre a mesma, vampírica, rateira, mortífera, desapiadada, calada, as beiras de croio asfaltado, as cunetas enxoiatas, as gramas xermolando entre o silencio, as herbas

herbas eternas que se regaron co sangue mozo dos avós que discurrían como fuxir da fame, as mesmas herbas que beben o sangue novo dos netos froito da abundancia, a emigración, o esquezo. O sangue que escorra dos pescozos, manantío e se deita buscando a cuneta de sempre

a mesma

non muda a revolta da estrada, non muda a procura da morte, non muda

ela agarda, sempre. A mesma curva no mesmo camiño.

Ramón Caride Ogando (Cea, 1957)

É autor dunha extensa obra literaria, con máis de trinta libros individuais publicados. A súa narrativa conta con novelas como a triloxía *Soños eléctricos* (Premio Blanco Amor); *Sarou* (Premio Café Dublín); e *O sangue dos camiños* (Premio Risco, 2003). Como autor de relatos publicou, entre outros, os volumes: *Lumefrío*; *Boca da noite*; *Escáner*; *Negros Espellos*; *A incerteza dos paraísos ou Dedre* (2005) Na súa produción infantil e xuvenil destacan *O cabo da serpe*, *Historia dunha sobreira* e a serie *As aventuras de Said e Sheila*, iniciada con *Perigo vexetal* (Premio Merlín), culminada con *A negrura do mar* (Premio Martín Sarmiento, 2006), publicada en catro idiomas. O seu libro máis recente é o volume antolóxico *As máscaras de Cronos* (Poemas 1994-2005).



Avoa, que son esas cruces?
Sonche fillo, a marca do crime, da infamia e a luz
taquigráfica que levanta acta para o auditorio
da historia. Ah, que baixo falas, avoa.
Non levantes a voz, neno, que non terás palabras
para os teus versos. Tanto ten, avoa, agora sei;
é unha historia covarde de horror e de espanto
co silencio do mar, testemuña de cargo, batendo
sobre as rochas e as penas, entre a brétema dun cabo:
cabo castigo, cabo tristura, cabo rocha cun
exército necrófago, oficiando na estrada as cunetas
da Bombardeira. As cruces son as cicatrices
da terra, o berro anónimo que se converte en rapsoda
da traxedia desde aquel amencer de outubro do 36,
cando unhas mans riscan o chan e serigrafían
a lembranza que agora se abraza na árbore dos heroes.
E quen as fai, avoa? A xente, que disque non se fan soas
e non levantes a voz, neno, que non terás palabras
para os teus versos. Ah, son as pegadas da rabia,
da rebelión que perpetúa ao vento a memoria coma
unha zanfona. As cruces, nove; unha por cada corpo sen vida:
nove na Volta dos Nove. Nove para esconxurar a infamia e
convocar as vítimas: o Manuel, o Felicísimo, o Ghonda,
o Lijó, o Rei Chiquito, o Fidel, o Pelonio, o Ferreiro
do Burgo, o Generoso. E a música, avoa? Son as
voces dos presos de Oia, que cantan coa tripa e
non levantes a voz, neno, que non terás palabras
para os teus versos. Son nove, avoa, nove indelebles
cruces con nomes de goma, nove pingas con que
a acordanza grava a metraxe inmedible dun crime
impune. Escoita, avoa, son as cruces as que levantan
a voz, e o seu eco de sangue érguese máis alá da dor,
máis alá do medo, máis alá do mar, máis alá do tempo.

Fran Alonso (Vigo, 1963)

É escritor, editor e xornalista. Mantén o blog Cabrafanada e é colaborador de El País e A Nosa Terra. Dirixiu a colección de poesía Ablativo Absoluto e realizou a antoloxía de poesía galega *Poetízate* (2006). Como poeta publicou *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992); *Tortillas para os obreiros* (1996); *Cidades* (1997); *Subversións* (2001); e *Balada solitaria* (2004). Como narrador publicou *Tráiler* (1991); *Cemiterio de elefantes* (1994); *Silencio* (1995); *Territorio ocupado* (1998); *O brillo dos elefantes* (1999); *Males de cabeza* (2001); *Cartas de amor* (2006); e *A vida secreta de María Mariño* (2007). A súa obra obtivo diversos premios como Blanco Amor de Novela, o Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil, o Losada Diéguez de creación literaria ou a distinción White Ravens 2003 da Internationale Jugendbibliothek de Múnic (Alemaña).



Aló onde o mar se revolve, volven os nove.
Amosan as súas fauces contra o esquecemento
En forma de cruces, de berro, de súplica. De lenda
que quere vivir. Cruces que danan ao sentir
que se apegan á pel, ao teu sono
que moven o maxín soñando vidas posibles
alén do horror.
Nove soños, nove voltas, nove berros,
nove versos para nove voces caladas.

Sabela Bernárdez Iñarrea (Vigo, 1977)

Poeta veciña de Mañufe (Gondomar), ten publicado un libro poético *A Virtude e Outras Miserias*. Procedente do xornalismo, ten colaborado con revistas culturais. Na actualidade é directora de marketing e comunicación.

O mar omnipresente, as fiestras, a nostalgia... son algunhas das temáticas presentes ao longo da súa obra, composta non só por poemas en verso, senón tamén por unha serie de prosa poética baixo a concepción da nova poesía.



A música

Invítaseme a facer algún apunte sobre os vieiros, a trama musical da VOLTA DOS NOVE e velaí, tres pequenas reflexións ao respecto.

A primeira ten que ver coa linguaxe musical e a literalidade da historia. Por definición, a música suscita un enigma : cómo se pode construír un idioma sen verbas que chega a emocionarnos, fainos vivir, chorar, etc., mais alá do críptico de seu código.

É un idioma articulado por notas, tempos e silencios que tende a vivir e expandirse fora do control do compositor, como se vida propia tivese; a linguaxe musical tende, así, a crear un eixo de coordenadas, ético-estético, onde este último sempre supón un sedutor perigo.

Ao falar da historia real, e máxime de feitos como os da VOLTA DOS NOVE, entramos nun terreo que ten a consistencia da pedra, do ferro, ou neste caso, do silencio.

É o burato negro da morte o que fai gravitar calquera significación no seu arredor, polo que calquera proposta artística que o sobrevoe sentirá a contradición das forzas do real do núcleo, a morte, o horror, e daquelas propias do código creativo, sexa música, pintura, fotografía, etc, que por forza, sempre tenden a expandirse.

Poucas veces a composición se achega ao punto exacto, á medida perfecta, e case sempre un ten que poñer cordas ao discurso estético para que non fuxa do que debe ser sinxelamente dar emoción e vibración alí onde hai a dureza do feito concreto,

histórico, inamovible.

Un fai a tentativa mil e unha veces pero sen poder deixar de pensar que a verdade está no burato negro, aínda que o silencio total, como verdade total, nos achegaría ao puro tánatos.

A historia dános as pedras para que non as deixemos como pedestais, senón para que con elas fagamos vida, porvir, perspectiva, en definitiva, que nos permitan sobrevivoar o burato negro para aprender, emocionarnos, e xa por fin, construír novos espazos de comprensión.

Unha segunda reflexión, levaríame a dicir que a música da VOLTA DOS NOVE pretende ser un relato case filmico dos feitos históricos, obviamente sempre dende ese código fermosamente maligno que é a música.

Son nove movementos en homenaxe aos nove asasinados, e comeza polo que debía ser o final, pero, que dalgún xeito, supón significar o drama dende unha esperanza que vén do mar, as voces, as luces, a “república nosa”; diríamos que de empezar, empeceamos pola esperanza.

Despois baixamos ao sucedido; un neno pregunta á súa avoa ¿qué son aquelas cruces? esta dá resposta en baixa voz ao enigma preguntado; son cruces que lembran o terror ao que se suma o esquecemento; contra el é a razón da primeira canción.

VOLTA DOS NOVE

(un golpe) É a poeira de metal que estoupa tras dos ollos,
pois que destrúe memoria, amor, desexo, vida
 (dous golpes) Pólvora, bala, punta de metal que estoupa,
pois que destrúe a máxime amada, os voces infantís
 (tres golpes) Unde indeseable que caía a Bombardeira,
e a violencia feroz, covarde e furtivo a noite
 (catro, cinco, seis golpes. Sete golpes. Son... oito golpes,
 nove) As terras das pozas, as horrorizadas, asarpas
ao cabo Silliro, as crims do mar, as sangrentas
feras, as pedras, as sangrentas a vida
 Nove (nove golpes), nove poeiras de metal que estoupan
na alma, que destrúen memoria, amor, desexo, vida

A man assassina conduce os seus corpos ao silencio,
 entre as campas de Baión, mas o silencio ergue, chama
desde a terra, un por un, os seus nomes de sangue,
ensangrentada

María Dacosta Alonso

5 - súa, 1
 6 - súa + vida
 12 - súa + vida + vida
 15 - vida + vida + vida (para algo)
 21 - súa

Antón Seoane



Despois do canto á esperanza, e a reivindicación da memoria, pasamos aos feitos, e para iso, utilizamos un texto que sitúa eses días de medo e morte, días nos que a xente paga na cadea delitos imputados pola arbitrariedade fascista.

A soidade do preso, os mil pesadelos desas horas malditas, o silencio, as imaxes do amor, da tortura, o tempo que antecede á morte, no poema de "Boas noites, amiga".

Chegamos así o corte musical mais fílmico e que pretende recoller a secuencia do traslado, ese camiño sen retorno, o fusilamento e un terceiro tempo que dá voz ás vítimas para sempre convertidas en semente de país.

Tras o crime, a reflexión íntima do perdido, máis alá da dor individual, a morte como fin do amor, do desexo, das voces infantís, a familia e a muller, sen bagoas que chorar, símbolo da nada arrepicante.

Todo iso vai tomar vida nas nove cruces, levantadas pola sociedade civil, polo coro civil que espeta a memoria na amnesia dos vencedores.

Xa por último, pese á barbarie e pese a calquera represión, os pobos reclaman a súa dignidade entre a paixón e a ética; a dignidade, lección para hoxe en día mantela como eles, de pé, ergueitos, así os seguimos ollando.

Por fin, como terceira reflexión, dar as grazas a tódolos músicos que interviñeron

neste proxecto, todos e cada un deles que gozan da miña consideración, admiración e, en moitos casos, envexa.

Referencia especial a Natalia Zoltan, compositora, multiinstrumentista, directora de orquestra, etc. pola versatilidade, frescura e rigor do seu traballo; como sempre.

E, por suposto, de xeito singular, a admiración e mil primaveras máis para Pilocho, compañeira de aventuras musicais dende hai máis de trinta anos, e que ten o don da voz e da expresividade que lle permiten achegarse aos textos e propostas que precisan dunha coherencia persoal e artística que, en Galicia, ela representa por riba de calquera outra opción.

Xa para rematar, grazas por todo ao Instituto de Estudos Miñoranos.

ANTÓN SEOANE
Camos. Nigrán



Natalia Zoltan



Música composta, arranxada e interpretada por Antón Seoane.

Instrumentación: Voz, piano acústico, guitarra acústica e española, zanfona, acordeón, sintetizadores, bodrham.

Nota do autor: As cancións fixéronse sobre poemas que, en moitos casos, foron adaptados ou modificados en función da "lóxica" musical.

1. SOBRE O MAR:

Texto: Anxo Angueira

Pilocha: Voz

Natalia Zoltan: Violíns, viola, cello. Arranxo de corda.

Coro "San Vicente" de Mañufe. Directora: Paula Fernández Fraga

2. LIMIAR:

· Intro

Texto: Fran Alonso: Primeiro recitado

Anxo Angueira: Segundo recitado

Anxo Angueira



Anxo Angueira: Voz

Josíño Liz: frauta, arpa de boca

· Contra ti nos erguemos

Texto: Anxo Angueira

Coral "San Vicente de Mañufe"

3. EN CADA CUARTO A MORTE:

Texto: Gonzalo Navaza

Pilocha: Voz

4. BOAS NOITES AMIGA:

Texto: X. L. Méndez Ferrín

Pilocha: Voz

5. O TERROR:

Anxo Angueira: Voz

Coral "Baiona A Real". Director: César Lorenzo

Natalia Zoltan: Violíns, viola

Valery Moriatov: cello

Grabiél Rodríguez: percusión

6. NOVE POUTAS DE METAL:

Texto: Marta Dacosta

7. PRANTO:

Texto: Anxo Angueira

Anxo Angueira: Voz

Natalia Zoltan: Viola

8. NOVE CRUCES:

Texto: Anxo Angueira

Pilocha: Voz

Coral "San Vicente" de Mañufe.

Pilocha



9. ESPRANZA XORDA:

Texto: X. L. Méndez Ferrín

Pilocha: Voz

Natalia Zoltan: Violíns, viola, cello. Arranxo cuarteto de corda

Gravación: "Linvuca Estudio", e "Casa de tolos". Primavera/outono 2006.

Mestura, edición e masterización: "Casa de tolos".

A. Seoane e N. Zoltan



Este traballo, impulsado polo **Instituto de Estudos Miñoranos (IEM)** foi coordinado por **Carlos Méixome Quinteiro** e **Xosé Lois Vilar Pedreira**

Realizado polos **Estudios Casa de Tolos** e editado por **Pai Música**

Guión, realización, postproducción e dirección **Equipo dos Estudios Casa de Tolos** en Mañufe, Gondomar:
Miguel de la Peña
Pablo Casal
Segundo Grandío
Esteban Amorín

Portada e deseño gráfico
Fernando Casás

Música orixinal
Antón Seoane

Músicos
Antón Seoane
Pilocha
Natalia Zoltan
Valery Moriatov
Josiño Liz
Gabriel Rodríguez
Coro San Vicente de Mañufe
Coral Baiona A Real

Poetas
Anxo Angueira
Fran Alonso
Marta Dacosta
Gonzalo Navaza
Xosé María Álvarez Cáccamo
Alfonso Álvarez Cáccamo
Moncho Caride
Miguel Anxo Mouriño
Sabela B. Iñarrea

Fotógrafos
Rosana Estévez
César López
Ánxeles Bouzo
Adrián Marx
Andrés Fraga
Cruz Juíz

J. Daniel González Otero
Alfonso Soliño Troncoso
Antonio Soliño Troncoso

Pintores
Armando Guerra
Pepe Sanjurjo Mantilla
Caíno Vasconcellos
Iván Morillas
Antonio Quesada
Juan Bellas
Alfonso Soliño Troncoso
Claudio Maseiro
Fino Lorenzo

Foto portada
Adrián Marx

Foto escultura
J. Daniel

Corrección lingüística
Miguel Anxo Mouriño

Produción executiva
José Patiño
Sandra Blach
Xusto Molejón

Realizado entre xaneiro e outubro do 2007 no Val Miñor

Agradecementos a

Familiares de Elías Alejandro Gonda Alonso "O Ghonda"
Familiares de Manuel Aballe Domínguez
Familiares de Felicísimo Antonio Pérez Pérez
Familiares de José Rodríguez González "O Pelonio"
Familiares de Manuel Barbosa Durán "O Ferreiro do Burgo"
Familiares de Generoso Valverde Iglesias
Familiares de Francisco Manuel Lijó Pérez "O Lijó"
Familiares de Modesto Fernández Rodríguez "Rei Chiquito"
Familiares de Félix Leyenda Rodríguez "Tío Félix"

Coral San Vicente de Mañufe
Directora: Paula Fernández Puga
Esteban Fontán,
Moisés Alonso
Javier Vilas
Manuel Vilas
José M. Fernández
Jesús Fernández
María Jesús Fajo
María del Mar Alfonso
Marta Misa
Flora Fernández
María Dolores Fernández
María del Carmen Fajo
Carmen Alonso
Loli Salgueiro

Coral Baiona A Real
Director: César Lorenzo

E tamén a:
Xoán A. González Pérez
Empresa de inserción Cormo SLU
Materiais de construción José Quintas,
Jesús Pilarte Tardón
Suso Corneta, Patrón Maior de Baiona
Hugo Rodríguez Castro
Coco Xardinería
Javier Martínez
Domingo González Amoedo
J. Daniel González Otero
Antón Reixa

Aos amigos e amigas do Instituto de Estudos Miñoranos

Dun xeito especial a Ana M^a Rodríguez Fernández

Coa colaboración de:

Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Promoción e Difusión Cultural
Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo
Concello de Gondomar
Concello de Nigrán, Concellería de Cultura
Concello de O Porriño
Concello de Vigo, Concellería de Cultura

PAI MÚSICA 2007